

PDI de area: “STACKS OF JOY AT MANUEL SUEIRO”

1.- Xustificación.

Despois dos proxectos de cursos anteriores sobre Turner, Klimt, Velázquez, El Greco, Picasso, Siena, o Museo del Prado e o curso pasado Yayoi Kusama, este curso 2019-2020 buscaremos un punto de vista complementario, o da artista londinense **Annie Morris**, sendo sabedores da admiración que a británica sente pola artista xaponesa. Dúas mulleres unidas polo espírito artístico e diferenciadas pola súa idade, Yayoi Kusama nos seus noventa anos e Annie Morris nos inicios dos seus corenta. Unha situación social ben diferenciada, Kusama unha muller coas limitacións da época que lle tocou vivir nun país de férreas tradicións que sen dúbida rompeu e Morris, unha muller libre de ataduras nunha cidade e país á vangarda de movementos sociais e artísticos.

Visibilizaremos o traballo da artista, muller, nova, multidisciplinar, da súa vida na cidade de Londres, onde naceu e traballa. Sairemos do ámbito puramente artístico para coñecer a cidade de Londres:

Leremos, escribiremos e opinaremos sobre a artista, a súa obra e a cidade británica, interrelacionando os aspectos literarios e artísticos, valorando o seu traballo como ilustradora.

2.- Título:

O título é un xogo de palabras no que partindo do título dunha das series da artista, “Stack”, compoñemos o nome do proxecto no que o nome do centro, o traballo da artista e o aspecto lúdico quedan de manifesto:

“STACKS OF JOY AT MANUEL SUEIRO”.

3.- Área e nivel:

O PDI enmárcase na area de plástica, no Plan de seccións bilingües nos cursos de 1º e 2º E.Primaria.

O ensino nesta área segue a ser, como desde os inicios do proxecto, trilingüe: inglés, galego e castelán, excepto nos cursos nos que introducimos algún vocabulario de italiano no proxecto de Siena e, o curso pasado cun vocabulario moi elemental en xaponés.

Participarán do proxecto distintas áreas: música, plástica, ciencias sociais, matemáticas, lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira, TICs e a colaboración da biblioteca escolar.

4.- Temporalización: Todo o curso.

5.- Recursos:

A biblioteca proporcionaranos os seguintes recursos para **desenvolver o proxecto:**

5.1.- Fontes escritas:

- Libros de lectura:
 - Colección “Pepe en Inglaterra” (Ed. Macmillan)
 - “Katie in London” (Ed. Orchard)
 - “Katie and the British artists” (Ed. Orchard)
 - “Isto é Londres” (Ed. El Patito)
 - “Londres para niños” (Ed. Nórdicalibros)

- Libros de consulta:
 - ByMe Arts and Crafts. Ed. Macmillan

5.2.- Fontes audiovisuais:

- Sherlock Gnomes. (Paramount Creations)
- The Minions. (Universal Studios)

5.3.- Recursos web:

- www.artnet.com/artist/annie-morris
- www.theinteriorsedit.com/2016/07/01/annie-morris/
- www.houseandgarden.co.uk/gallery/annie-morris-studio
- www.artsynet.com/artist/annie-morris
- www.projectb.eu/artists/47/annie-morris.html%7CAnnie
- www.newyork.winstonwachter.com/artists/morris-annie-2/

6.- Producto final.

O produto final do proxecto será o acto no que presentarán aos seus compañeiros/as o coñecemento adquirido sobre a artista e as súas obras de arte.

Será un proxecto participativo no que as familias Terán moita importancia á hora de axudarlles aos nenos/as na búsqueda de información sobre a artista e valorando as súas aprendizaxes.

O proxecto terá carácter interdisciplinar no que, como se indicou en parágrafos anteriores, participan distintas áreas do currículo.

7.- Proposta metodolóxica.

A nosa proposta metodolóxica de aprendizaxe baséase nunha dinámica activa, cooperativa e centrada na experiencia próxima aos alumnos/as, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.

8.- Obxectivo xeral.

Coñecer a obra da artista británica e a súa cidade natal, onde desenvolve o seu traballo.

9.- Obxectivos específicos.

- Localizar Gran Bretaña no mapa e a cidade de Londres, cidade clave no proxecto.
- Coñecer á artista Annie Morris.
- Identificar as esferas como sinal de recoñecemento das esculturas da serie "Stack".

- Coñecer os pasos creativos da artista.
- Valorar as diferenzas entre Yayoi Kusama e Annie Morris.
- Comprender e respectar o proceso creativo .
- Compartir o proxecto coa comunidade educativa.
- Coñecer a cidade de Londres.

10.- Bloques de contidos.

Bloque 1.- Educación audiovisual.

- Visionado de imaxes de Annie Morris co fin de coñecer físicamente á artista.
- Búsqueda na rede da obra, de xeito global, da artista.
- Música asociada aos gustos no traballo de Annie Morris.
- Tour visual da cidade de Londres.
- Visionado dos filmes “Sherlock Gnomes” e “The Minions”

Bloque 2.- Expresión artística.

- Descrición verbal dos sentimentos xurdidos da observación da obra de Annie Morris.
- Cores, texturas, tamaños e formas na súa obra.
- Instrucións para a elaboración das obras artísticas.
- Experimentación coas formas e texturas.
- Elaboración da súa propia obra de arte.
- Traballo cooperativo baseado na obra artística de Morris.

Bloque 3.- Debuxo realista.

- Proporción e deseño das esferas nas esculturas da serie “Stack”.

11.- Competencias clave.

- Comunicación lingüística: Todo o proxecto.
- Matemática e comp. básicas en ciencia e tecnoloxía: Referencias ás formas xeométricas.
- Comp. dixital: Uso da rede para obter información da artista e da súa obra.
- Aprender a aprender: É quen de organizar de xeito correcto os distintos tamaños e situalos no espazo.

- Sociais e cívicas: Seguir normas e instrucións claras para a creación dunha obra de arte, respetando outras culturas e tradicións.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Creatividade á hora de elaborar propostas artísticas arriscadas.
- Conciencia e expresións culturais: Respeto polas distintas formas de expresión plásticas.

12.- Actividades.

12.1.- Actividades iniciais.

- Decoración da porta da aula como símbolo do proxecto do curso.

12.2.- Actividades previas do alumnado.

- Coñeces á artista Annie Morris?
- De que país pensas que é?
- Terá a mesma idade que Yayoi Kusama?
- Haberá *polkadots* na súa obra artística?

12.3.- Actividades específicas do proxecto.

- Imaxe de presentación da artista.
 - o Que pensas dela?
 - o Esperabas que fose tan diferente a Yayoi Kusama?
- Presentación do seu estudio-taller coas esculturas da serie “*Stack*”.
- Elaboración de esculturas da serie.
- Presentación dun vestido feito con *clothes pegs*.
- Recreación e adaptación do mesmo ao espazo escolar.
- Tour visual da cidade de Londres, cidade onde naceu e onde traballa a artista.
- Elaboración dun mural cos monumentos máis recoñecidos da cidade británica.
- Na medida do posible uso de materiais de refugallo.
- Uso dos recursos web para o desenvolvemento de todo o proxecto.

12.4.- Outras actividades.

- Halloween: Stacks of pumpkins in Halloween.
- Spring: A clothes peg dress.
- Construcións do *skyline* de Londres.

13.- Avaliación.

O instrumento de avaliación das sculptures e do dress será a observación directa do traballo e da implicación de cada alumno/a no feito de traballo artístico.

Para avaliar o resultado de todo o proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestións que máis nos interesa valorar.

A experiencia resultou satisfactoria?	
Cal foi o sentir do alumnado?	
Os nenos/as foron protagonistas?	
Participaron as familias?	
O alumnado expuxo o seu proxecto?	
Foi axeitada a temporalización?	
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?	
As actividades resultaron atractivas?	
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron axeitados?	
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?	
Desenvolvemos as comp. clave iniciais?	
O proxecto sae da escola?	